

**DEPARTAMENTO DE LINGUA
CASTELÁ E LITERATURA**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2013-2014**

ÍNDICE

- **COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO. CURSOS QUE IMPARTEN.**
- **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

***ESO**

- **FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS DA ESO.**
- **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

- **1º ESO:**
 - A/CONTIDOS.
 - B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.
 - C/MÍNIMOS ESIXIDOS PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA EN 1º ESO.
 - D/TEMPORALIZACIÓN.

- **2º ESO:**
 - A/CONTIDOS.
 - B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.
 - C/MÍNIMOS ESIXIDOS PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA EN 2º ESO.
 - D/TEMPORALIZACIÓN.

- **3º ESO:**
 - A/CONTIDOS.
 - B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.
 - C/MÍNIMOS ESIXIDOS PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA EN 3º ESO.
 - D/TEMPORALIZACIÓN.

- **4º ESO:**

A/CONTIDOS.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

C/MÍNIMOS ESIXIDOS PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA EN 4º ESO.

D/TEMPORALIZACIÓN.

- **METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.**
- **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA A ESO.**

***BACHARELATO.**

- **OBXECTIVOS DO BACHARELATO.**

- **/ANEXO 1. PERDA DO DEREITO A UNHA AVALIACIÓN CONTINUA NO BACHARELATO:**

- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995.

- Exame final para os alumnos de Bacharelato.

- **1º BACHARELATO:**

A/CONTIDOS.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

C/INSTRUMENTOS PARA AVALIAR.

D/MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA EN 1º BACH.

E/METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

F/MATERIAIS.

G/TEMPORALIZACIÓN.

- **2º BACHARELATO:**

A/CONTIDOS.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

C/INSTRUMENTOS PARA AVALIAR.

D/MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA EN 2º BAC.

E/METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

F/MATERIAIS.

G/TEMPORALIZACIÓN.

- **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**
- **ALUMNOS COA ASIGNATURA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR**
- **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
- **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**
- **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**
- **ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**
- **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**
- **PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

- **PROGRAMACIÓN DE LITERATURA UNIVERSAL (2º BACH)**

- **PROGRAMACIÓN DE LITERATURAS HISPÁNICAS (1º BACH)**

• **COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO. CURSOS QUE IMPARTEN.**

• **Rosa Hernández (XD)**

1 primeiro de ESO.
2 cuartos de ESO
1 segundo de Bacharelato
1 segundo de Bacharelato (lit. Universal).

• **Nieves Ibarra Seoane (PES)**

1 primeiro de ESO.
2 terceiros de ESO.
2 primeiros de Bacharelato.
1 primeiro de Bacharelato (lit. Hispánica).

- **Damián Guede (PES)**

- 1 primeiro de ESO
- 2 segundos de ESO.
- 1 primeiro de Bacharelato.
- 2 segundos de Bacharelato.

- **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

Pretendemos que os nosos alumnos/as co estudio teórico e práctico da lingua e literatura cheguen as seguintes conclusións:

- que a aprendizaxe da lingua, asignatura instrumental, axudaralles a estruturar todos os coñecimentos.

- que estes poderán ser expostos con corrección tanto no ámbito oral como no escrito.

- que da aprendizaxe da literatura non só emanan coñecimentos estéticos senón que as obras maestras difunden valores éticos universais que lles axudarán a enfrentarse con máis garantías á vida.

***ESO**

• **FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS DA ESO.**

A finalidade da ensinanza da lingua e o progresivo dominio desta é esencial na asimilación da cultura e da apertura ao mundo, e é un dos factores que contribúen con maior plenitude á identidade individual e social.

O obxectivo fundamental desta etapa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social, o que hoxe, nunha sociedade da información en continuo cambio, supón modificar e ampliar as tarefas da clase de lingua castelá e literatura máis alá das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, fundamentalmente literarios. No século XXI temos que aceptar un novo concepto de alfabetización: saber cando e por que se necesita información, onde encontrala, e como avaliala, utilízala e comunícala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así en obxectivo do ensino da lingua.

O ensino da lingua nesta nova etapa terá como **obxectivo** o desenvolvemento das seguintes **capacidades**:

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
- Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos de actividade social e cultural.
- Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán.
- Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Empregar as diversas clases de escritos que se utilizan na

sociedade.

- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información, e para redactar textos.
- Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información.
- Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e os recursos estilísticos.
- Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas.

- **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

Competencia social e cidadán. Coñecer a evolución e organización das sociedades e dos seus valores políticos, morais e culturais.

Competencia cultural e artística. Identificar as relacións existentes entre as manifestacións artísticas e a persoa ou colectividade que as crea. Ter conciencia da evolución do pensamento e das correntes estéticas. Apreciar a creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos mediante as distintas disciplinas artísticas.

Competencia para aprender a aprender. Xestionar de maneira eficaz os procesos de aprendizaxe. Coñecer e usar estratexias e técnicas específicas de aprendizaxe. Usar fontes diferentes para a recollida de información. Empregar mecanismos axeitados de selección e tratamento da información. Utilizar de maneira eficiente recursos e técnicas de traballo intelectual.

Competencia en comunicación lingüística. Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e desfrutar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Comunicarse e conversar son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, así como achegarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen.

Escoitar, expoñer e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes

situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.

Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe pola súa vez a conservar e mellorar a competencia comunicativa.

A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escritura, etc.) está vinculada a algúns trazos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representarse mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e autorregular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia.

Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a lingua como obxecto de observación e de análise. Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e a aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.

*** 1º ESO:**

A/CONTIDOS.

Bloque 1. **Escoitar, falar, conversar.**

- Comprensión de noticias de actualidade procedentes dos medios de comunicación.
- Exposicións de informacións de actualidade.
- Narración oral a partir dun guión de feitos relacionados coa experiencia.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico.
- Participación activa en situacións de comunicación.
- Participación activa en traballos en grupo cooperando e respectando o resto dos compañeiros.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, ideas e sentimentos propios.

Bloque 2. **Ler e escribir.**

Comprensión de textos escritos.

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intrucións de uso e normas.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo á estrutura do xornal, con especial atención ás noticias relacionadas coa vida cotiá.
- Comprensión de textos do ámbito académico: instrucións, consulta en dicionarios, enciclopedias, webs, etc.
- Utilización dirixida da biblioteca do centro e das tecnoloxías da información.
- Reflexión crítica con respecto á información.

Composición de textos escritos.

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como cartas e notas.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación.

- Composición de textos en soporte papel ou dixital de textos propios do ámbito académico: resumos, esquemas, glosarios, etc.
- Utilización da composición escrita como fonte de información e de aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias.
- Dominio das normas de presentación dos textos escritos con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.

Bloque 3. **Educación literaria.**

- Lectura de obras adecuadas á idade. Lectura de relatos breves e tamén de textos dramáticos.
- Recitado de poemas recoñecendo os elementos básicos do ritmo e as figuras semánticas.
- Diferenciación dos grandes xéneros literarios.
- Composición de textos de intención literaria.

Bloque 4. **Coñecemento da lingua.**

- Diferencias entre comunicación oral e escrita e entre usos coloquiais e formais.
- Coñecemento da diversidade lingüística de España.
- Coñecemento das modalidades da oración.
- Introducción aos mecanismos de coherencia e cohesión.
- Recoñecemento das formas verbais.
- Categorías e tipos de palabras.
- Semántica.
- Normas ortográficas.
- Uso dos dicionarios da lingua e das enciclopedias. Interpretación da información deste tipo de libros.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Captar as ideas esenciais de textos orais de diferente tipo reproducindo o seu contido en textos orais e escritos.
- Elaborar un resumo dunha exposición oral sobre un tema específico, reflectindo os principais puntos de vista dos participantes.
- Sintetizar oralmente o sentido global de textos expositivos sinxelos identificando as súas intencións e diferenciando as ideas principais das secundarias.
- Expoñer oralmente o desenvolvemento dun tema, seguindo un guión previo.
- Crear textos de diferente tipo (narrativos, expositivos e dialogados) adecuándoos á situación comunicativa, cun vocabulario rico e variado e respectando os criterios de corrección e presentación.
- Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais básicos.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Recoñecer as diferentes unidades gramaticais e ser capaz de empregalas.
- Identificar algúns rasgos lingüísticos dos distintos usos sociais da lingua.
- Manexar procesadores de textos e ser capaz de aplicarlos a traballos sinxelos.

C/MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA .

- Respetar o traballo dos compañeiros e dos profesores.
- Captar o sentido e as ideas fundamentais de textos orais e escritos.
- Realizar resumos, esquemas e redaccións con coherencia e corrección.
- Usar de forma correcta as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.

- Manexar con destreza dicionarios, enciclopedias e outros materiais.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Identificar as diferentes clases de palabras e analizalas.
- Utilizar e manexar o vocabulario específico da materia na situación e contexto adecuados.
- Ler os libros seleccionados para ese curso.

D/TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre:

- As linguas de España. A comunicación.
- Linguaxe e lingua. Unidades básicas da lingua.
- Clases de palabras I (sustantivo, adxectivo, determinantes, pronomes).
- Estructura das palabras (especial atención aos sufixos).
- A linguaxe literaria. Os xéneros literarios.

Segundo trimestre:

- Os sintagmas.
- Clases de palabras II (o verbo e o adverbio).
- Clases de palabras III (preposicións, conxuncións e interxeccións).
- Tipoloxía textual (textos expositivos, narrativos, descritivos...).

Terceiro trimestre:

- A oración simple: elementos que a constitúen.
- Tipos de oración. Os complementos do verbo.
- Semántica: sinonimia, antonimia, homonimia. Campo semántico.
- Textos dialogados. O xénero teatral. Subxéneros dramáticos.

***Esta temporalización poderá verse modificada durante o transcurso do ano académico, na procura dun mellor afianzamento dos contidos. En todo caso, todos os exercicios e actividades terán en conta as normas básicas de expresión e ortografía.**

***2º ESO:**

A/CONTIDOS.

Bloque 1. Falar, escoitar e conversar.

- Comprensión e exposición de informacións de actualidade procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Presentación ordenada e clara de informacións previamente preparadas con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico.
- Participación activa en traballos en grupo cooperando e respectando os demais.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, das ideas e dos sentimentos propios.

Bloque 2. Ler e escribir.

Comprensión de textos escritos.

- Comprensión de textos dos medios de comunicación e do ámbito académico, especialmente de carácter expositivo e explicativo.
- Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Composición de textos escritos.

- Composición de textos propios dos medios de comunicación e do ámbito académico: resumos, esquemas xerárquicos, exposicións e explicacións sinxelas.
- Utilización da composición escrita como fonte de información e de aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias propias, mostrando un dominio das normas ortográficas e gramaticais.

Bloque 3. A educación literaria.

- Lectura de varias obras de literatura xuvenil.
- Recitado de poemas, prestándolle atención ao valor simbólico da linguaxe poética e recoñecendo os procedementos da versificación.
- Lectura de relatos recoñecendo a súa estrutura.
- Lectura dramatizada de fragmentos de obras teatrais.
- Diferenciación dos principais subxéneros literarios a través das lecturas comentadas.
- Composición de textos de intención literaria.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

- Recoñecemento das diferenzas contextuais e formais relevantes entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais.
- Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos distintos valores do presente de indicativo.
- Introducción aos conceptos de unidades, relacións e funcións sintácticas.
- Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Facer resumos e estruturas de forma axeitada, tanto oralmente como por escrito.
- Narrar, expoñer, explicar e comentar usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade e cohesión, respectando as normas gramaticais e ortográficas.

- Expresar axeitadamente a opinión persoal sobre as lecturas realizadas.
- Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais básicos.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Coñecer os conceptos e a terminoloxía básica da gramática estudada.

C/MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

- Coñecer os contidos traballados.
- Comprender o sentido dos textos orais e escritos.
- Facer resumos con coherencia e corrección.
- Recoñecer a estrutura de diferentes tipos de texto.
- Coñecer e empregar as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.
- Manexar axeitadamente os dicionarios, enciclopedias e outros materiais de consulta.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Empregar o vocabulario específico da materia na situación e contexto adecuados.
- Ler os libros seleccionados para ese curso.

D/TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre:

- A comunicación
- O sustantivo
- A orixe das linguas de España
- Sinonimia, antonimia, homonimia, polisemia
- Os determinantes
- Iniciación á poesía
- Os sintagmas
- O verbo

Segundo trimestre:

- Os textos narrativos
- O verbo; o adverbio
- Os textos teatrais
- Os préstamos lingüísticos
- A descripción
- Os textos expositivos
- A oración

Terceiro trimestre:

- Os textos argumentativos
- Os complementos verbais
- Clasificación da oración simple
- Os medios de comunicación audiovisuais
- Siglas e acrónimos

***Esta temporalización poderá verse modificada durante o transcurso do ano académico, na procura dun mellor afianzamento dos contidos. En todo caso, todos os exercicios e actividades terán en conta as normas básicas de expresión e ortografía.**

***3º ESO:**

A/CONTIDOS.

Bloque 1. **Escoitar, falar e conversar.**

- Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación audiovisual, como reportaxes e entrevistas emitidos pola radio, pola televisión ou por internet.
- Exposición da información tomada dun medio de comunicación acerca de temas de actualidade, respectando as normas que rexen a interacción oral.
- Participación en actividades de aprendizaxe compartida cooperando e respectando as opinión e posturas dos demais.

Bloque 2. **Ler e escribir.**

- Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.
- Reflexión crítica ante as mensaxes que supoñen calquera tipo de discriminación para fomentar unha sensibilidade crítica fronte a elas.
- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais.
- Utilización da composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, opinións e coñecementos propios e como forma de regular a conduta.

Bloque 3. **Educación literaria.**

- Lectura de obras ou fragmentos axeitados á idade, relacionándoos cos grandes períodos e autores da literatura a partir da Idade Media até o século XVIII, centrándose na literatura española.

- Recitado de poemas, comparando o tratamento de certos temas recorrentes en distintos períodos literarios (tópicos literarios) e valorando a función dos elementos simbólicos e dos recursos retóricos e métricos no texto.
- Lectura de relatos, observando a transformación da narrativa dende a épica medieval en verso á narración moderna en prosa, e mesmo a conversión do heroe ou heroína en personaxe de novela.
- Lectura dramatizada de obras teatrais breves e de fragmentos representativos do teatro clásico español, recoñecendo algunhas características temáticas e formais.
- Composición de textos de intención literaria e elaboración de traballos sinxelos sobre as lecturas dirixidas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca do centro, das do contorno e de bibliotecas virtuais.
- Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

Bloque 4. **Coñecemento da lingua.**

- Identificación e uso das variacións (fórmulas de confianza e de cortesía) que adoptan as formas deícticas en relación coa situación.
- Identificación e uso reflexivo de conectores textuais, con especial atención aos distributivos de orde, de contraste, de explicación e de causa e dos mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos, especialmente as nominalizacións e os hiperónimos de significado abstracto como fenómeno, elemento ou característica.
- Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos valores aspectuais de perífrases verbais¹.
- Coñecemento das funcións sintácticas características das clases de palabras e análise da súa forma (flexión, afixos...), especialmente no que se refire aos aspectos relacionados coa normativa.

¹ Especial atención á prevención de interferencias lingüísticas verbais co galego.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Comprender a intención comunicativa, as ideas xerais e as informacións específicas en reportaxes e en entrevistas; seguir o desenvolvemento oral dun tema académico e plasmalo nun esquema ou resumo.
- Narrar, expoñer, explicar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, nun rexistro adecuado, con secuencias coherentes, respectando as normas gramaticais e ortográficas e utilizando a planificación e revisión de textos.
- Realizar explicacións orais sinxelas sobre temas de interese para o alumnado.
- Expoñer un estudo crítico sobre a lectura dunha obra completa axeitada á idade e relacionada con algún período literario estudado; valorar a estrutura, o uso da linguaxe e o punto de vista do autor; situar o sentido da obra en relación co contexto e coa experiencia do alumnado.
- Explorar alternativas lingüísticas que eviten o uso de expresións discriminatorias sociais, raciais, sexuais, etc. e a utilización desas alternativas en producións propias.
- Mostrar coñecemento das relacións, nas obras lidas, entre o contexto e autores máis relevantes mediante un traballo persoal de síntese e información ou recreación, en soporte papel ou dixital.
- Coñecer a terminoloxía lingüística necesaria para a reflexión sobre o uso.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais ou escritos e para a composición e revisión progresivamente autónoma dos textos propios deste curso.

Na nota de cada alumno/a teránse en conta:

- A nota dos exames escritos (mínimo un por avaliación).
- O examen do libro de lectura obrigatorio (un por avaliación).
- Traballo diario de clase, isto é: traballo individual, realización de exercicios de forma cotiá, revisión periódica das libretas.

-Interese amosado pola materia e comportamento e actitudes na aula.

C/MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

- Traballar con diferentes textos, identificando o tema e separando as ideas principais e as secundarias.
- Realizar resumos, tanto orais como escritos, de textos diversos.
- Realizar traballos de redacción con coherencia e corrección ortográfica, morfosintáctica e semántica.
- Manexar con soltura e adecuación á situación os conceptos básicos específicos da materia.
- Diferenciar as distintas clases de palabras.
- Realización de análises morfolóxicas e sintácticas.
- Identificar o xénero ao que pertence un texto literario lido na súa totalidade e recoñecer os seus elementos estruturais básicos.
- Relacionar as obras, autores e movementos literarios co contexto sociocultural no que se producen.
- Realizar os exercicios e entregar os traballos con puntualidade, limpeza, orde e corrección ortográfica.
- Respetar o traballo dos compañeiros e dos profesores.
- Amosar a lectura das obras obrigatorias sinaladas para ese curso a través de probas escritas marcadas polo profesor.

D/TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre:

- A comunicación. Sintagma nominal. Literatura grecolatina
- Variedade de linguas. Sintagma verbal. Épica e lírica medievais.
- Textos narrativos. A oración. Mester de clerecía.
- O diálogo. Complementos verbais. A prosa verbal.

Segundo trimestre:

- Textos descriptivos. Oración atributiva y predicativa. Lit. Cortesana.
- Textos expositivos I. Oración pasiva e reflexa. Prerrenacemento.
- Textos expositivos II. Oración composta. Poesía Renacentista.
- Textos argumentativos I. Oración substantivas. Prosa Renacentista.

Terceiro trimestre:

- Textos argumentativos II. Oración adxectiva. A poesía Barroca.
- Textos formais. Oración adverbial I. Teatro Barroco.
- A prensa escrita. Oración adverbial II. A prosa Barroca.
- Medios de comunicación audiovisuais. Análise morfosintáctica.
- O século das Luces.

***Esta temporalización poderá verse modificada durante o transcurso do ano académico, na procura dun mellor afianzamento dos contidos. En todo caso, todos os exercicios e actividades terán en conta as normas básicas de expresión e ortografía.**

***4º ESO:**

A/CONTIDOS.

❖ Gramática:

- O significado das palabras, a semántica
- O texto e os marcadores do discurso
- Relacións, funcións e categorías sintácticas
- A frase ou sintagma. Tipos de frase ou sintagma
- A oración simple. A oración composta
- Formación do léxico castelán
- O castelán actual e o español de América

❖ Comunicación e técnicas de traballo:

- Os signos de comunicación e as funcións da linguaxe
- Textos expositivos e argumentativos

- A prensa
- A radio
- A televisión
- A publicidade
- Principais técnicas de traballo intelectual.

❖ **Literatura:**

- O Romanticismo.
- O Realismo.
- Modernismo e Generación del 98.
- Generación del 27.
- A literatura española da posguerra.
- O Realismo social.
- Os anos sesenta e a renovación formal.
- A literatura española dende 1975.
- A literatura hispanoamericana do século XX.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Explicar e identificar os principais elementos e funcións do proceso comunicativo.
- Recoñecer os trazos característicos dos diferentes tipos de textos.
- Comprender a intención comunicativa e as ideas fundamentais de textos orais e escritos, en especial de tipo expositivo e argumentativo e/ou pertencentes aos ámbitos académico e dos medios de comunicación.
- Producir diferentes tipos de textos orais ou escritos (sobre todo exposicións, explicacións, argumentacións e resumos) con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- Definir, exemplificar e identificar en secuencias simples ou en textos máis amplos os diferentes tipos de fenómenos e de unidades estudados empregando a terminoloxía lingüística e literaria apropiada.

- Explicar e identificar trazos comunicativos característicos dos medios de comunicación e da publicidade.
- Explicar os principais elementos caracterizadores dos periodos e movementos máis importantes da historia da literatura española desde o século XIX ata a actualidade, e recoñecelos en textos ou fragmentos representativos.
- Comentar textos ou fragmentos literarios representativos do periodo estudado da literatura española e hispanoamericana.
- Realizar as lecturas obrigatorias e comentalas seguindo un modelo.
- Identificar en textos os trazos máis significativos das variedades xeográficas do español, incluíndo o español de América.
- Consultar, seleccionar, elaborar e presentar información utilizando medios tradicionais e as novas tecnoloxías.
- Realizar os diferentes tipos de actividades e exercicios que se propoñan.
- Mostrar unha actitude adecuada na aula.

C/MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

- Identificación de diferentes tipos de textos, orais e escritos, e dos seus trazos máis significativos, atendendo ao modo de discurso (expositivo, argumentativo...) e ao ámbito (académico, medios de comunicación...).
- Produción de diferentes tipos de textos, orais e escritos, con adecuación (adaptación á situación comunicativa), coherencia (unidade semántica), cohesión (relación entre as partes e progresión informativa), corrección (respecto da norma ortográfica e gramatical) e boa presentación.
- Uso de medios tradicionais e das novas tecnoloxías para a localización, selección, elaboración e presentación da información.
- Comprensión de textos orais e escritos, identificación das súas ideas fundamentais e resumo dos mesmos.

- Coñecemento dos principais elementos e funcións da comunicación.
- Recoñecemento e análise dos diferentes tipos de frases e oracións simples e complexas/compostas.
- Identificación dos procesos de formación de palabras e o tipo de orixe de elementos léxicos do español.
- Recoñecemento das relacións de significado que poden manter entre si os elementos léxicos.
- Coñecemento das principais características dos periodos e movementos literarios da etapa histórica estudada (do século XIX ata a actualidade), así como dos escritores e obras máis significativos de cada un deles.
- Comentario de textos representativos da etapa estudada.
- Lectura das obras literarias establecidas como obrigatorias e análise das mesmas segundo os modelos proporcionados polo profesor.
- Realización das actividades e exercicios propostos.
- Actitude apropiada na aula.

D/TEMPORALIZACIÓN

Primeiro Trimestre:

- O contexto, rexistros lingüísticos
- O Romanticismo e o Romanticismo tardío
- O Realismo e o Naturalismo
- O Modernismo
- O tempo na narración
- Sintaxe: a oración simple e a oración composta

Segundo Trimestre:

- Os textos expositivos e os textos argumentativos: adecuación, coherencia e cohesión textual
- A Xeración dos 98
- As vangardas
- A Xeración do 27
- Sintaxe: as oracións subordinadas

Terceiro Trimestre:

- Os textos nos medios audiovisuais
- Os textos formais
- A literatura de posguerra
- A poesía hispanoamericana do século XX
- A narrativa hispanoamericana do século XX
- Sintaxe: repaso das oracións subordinadas

*** Esta temporalización poderá verse modificada durante o transcurso do ano académico, na procura dun mellor afianzamento dos contidos. En todo caso, todos os exercicios e actividades terán en conta as normas básicas de expresión e ortografía.**

• METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

A ensinanza-aprendizaxe da lingua, sempre en torno ao *texto* como *unidade comunicativa básica*, é o punto de partida idóneo para, desde a reflexión lingüística, construír *aprendizaxes significativas* non só en relación co código lingüístico, senon tamén referidos ao feito literario en toda a súa riqueza histórica, social e cultural. Promoveranse no ámbito escolar actividades que favorezan a aprendizaxe dos diferentes contidos, no marco de situacións comunicativas concretas cada vez máis planificadas, como debates, exposicións, investigacións en equipo, elaboración de esquemas e informes, transformación de textos informais en formais, síntese de textos.

A orientación metodolóxica básica para este tratamento dos contidos, na procura dos obxectivos sinalados, será inductivo-deductiva, pero con suficiente ductilidade nos procedementos: trátase de que o itinerario de aprendizaxe se adapte á natureza dos contidos en cada momento. En literatura, por exemplo, pódese partir da análise dun texto para chegar ao concepto de xénero, de recurso expresivo, etc.; ou partir do concepto para aplicalo a un texto.

En todos os casos, para que o estudante elabore, por si mesmo, as súas aprendizaxes significativas, promoveranse actividades de lectura comprensiva, analítica, valorativa e expresiva de textos literarios e científicos, coa explicación das súas estruturas, o seu contido e a súa forma. Igualmente importante é o desenvolvemento de actividades de comparación de textos literarios de diversos autores ou épocas distintas, para que o estudante poida comprender mellor en que consisten os rasgos de estilo diferenciais, ou os cambios que se produciron nos xéneros. Na lingua, o contraste de textos formais e informais; a análise sintáctica de oracións e a léxico-semántica de textos; o comentario das variantes de rexistro, dialectais, etc., permitirán o desenvolvemento da capacidade crítica e reflexiva e a construción de aprendizaxes significativas sobre os contidos referidos ao código, que resultarán igualmente útiles para a aprendizaxe de segundas linguas e para un mellor uso da propia.

Utilizaranse os seguintes **materiais e recursos** para o ensino desta materia:

- **Caderno do alumno:** este material é moi útil para o alumnado, pois permite a organización do seu traballo diario e facilita a avaliación continua.
- **Libro de texto:** parece adecuado que os alumnos dispoñan dun manual no que se recollan todos os contidos cos que se vai traballar durante o curso, independentemente de que se poida completar a información con material de ampliación proporcionado polo profesor. En todos os curso da ESO o libro de texto seleccionado é o da editorial IBruño.
- **Textos diversos:** ademais poderán ser utilizados os textos, literarios ou non, que cada profesor considere oportuno.

- **Dicionarios:** *DRAE, Diccionario Panhispánico de Dudas, Diccionario del Español actual*, entre outros, ademais de dicionarios etimolóxicos, de sinónimos e antónimos, de refráns, de xergas, etc., tanto na súa versión clásica como en formato dixital.
- **Enciclopedias.**
- **Libros de lectura.**
- Utilización de **guías de lectura**, tanto en versión papel como dixital, que servirán de axuda para a comprensión de determinadas obras literarias.
- **Xornais** de información xeral e revistas.
- **Webs** de recursos de lingua e literatura, por exemplo, os recursos CLIC.

• **PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA A ESO.**

Os instrumentos e procedementos que recollan a información para proceder á avaliación son de tres modalidades:

- a) **Actividades de avaliación inicial**: pretenden buscar as ideas previas do alumnado para percibir problemáticas individuais e adaptar, se é necesario, algúns aspectos da programación tanto a alumnos concretos como ao conxunto.
- b) **Actividades de avaliación formativa ou de enseñanza-aprendizaxe**: é importante que os procedementos e instrumentos sexan os adecuados á situación de enseñanza e de aprendizaxe á que se destinan, que a presentación e o grao de esixencia das cuestións sexa o idóneo para o nivel de competencia curricular e madurez dos suxeitos.
- c) **Actividades de avaliación obxectiva (**probos** ou **exames**)**: combinarase a realización de probas orais con probas escritas para algunhas unidades, observarase o traballo na aula e tamén se revisará o caderno de clase de xeito periódico.

Realizaranse, sempre que sexa posible, dúas probas escritas por trimestre. Asimesmo, tamén se farán controis trimestrais sobre os libros de lectura obrigatoria, segundo o criterio do profesor correspondente.

Aqueles alumnos que suspendan algunha avaliación, terán a posibilidade de presentarse a uns **exames de recuperación** da materia ao final de cada trimestre. Os alumnos deste ciclo non terán dereito a un exame final.

Os alumnos que non acaden o aprobado en xuño, deberán examinarse de **todo o temario** nas **probas extraordinarias de setembro**.

Outros aspectos **fundamentais** na avaliación dos alumnos son os seguintes:

- **Comportamento na aula**. Terase en conta que o alumno preste atención e amose interese ás explicacións ou exposicións didácticas e que mostre un trato correcto cos outros alumnos e o profesor.
- **Traballo na aula e na casa**. É fundamental que o alumno realice las actividades de aula que propoña o profesor e que entregue puntualmente os exercicios e traballos académicos.
- **Penalizacións de faltas**. As faltas de ortografía, morfoloxía, sintaxe, léxico-semánticas e textuais penalizaranse segundo os criterios establecidos polo departamento de Lingua castelá e Literatura.

***BACHARELATO.**

• OBXECTIVOS PARA BACHARELATO

Segundo se recolle no decreto sobre o currículo de Bacharelato, "Un dos obxectivos desta materia é ante todo o desenvolvemento dos coñecementos necesarios para intervir de forma axeitada e satisfactoria na

interacción verbal nos diferentes ámbitos sociais. Estes saberes refírense aos principios e normas sociais que presiden os intercambios, ás formas convencionais que presentan os diferentes xéneros textuais na nosa cultura, aos procedementos que articulan as partes do texto nun conxunto cohesionado, ás regras léxico-sintácticas que permiten a construción de enunciados con sentido e gramaticalmente aceptables ou ás normas ortográficas.

A aprendizaxe centrarase no desenvolvemento de habilidades e destrezas discursivas; é dicir, o traballo sobre procedementos debe articular todo o proceso de ensino e aprendizaxe. A reflexión sobre os ámbitos de uso permitirá consolidar as aprendizaxes realizadas nas etapas anteriores. Por outra parte, as actividades de comprensión e de expresión, tanto oral como escrita, e a reflexión sobre elas deben alcanzar un certo nivel de rigor e profundidade, co fin de acadar unha autonomía no control da propia expresión e na interpretación crítica dos discursos que se reciben.”

• **/ANEXO 1. PERDA DO DEREITO A UNHA AVALIACIÓN CONTINUA NO BACHARELATO./**

-Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995, sobre dereitos e deberes dos alumnos. BOE 2-06-1995.

Artículo 44.

2. La falta a clase de modo reiterado puede provocar la imposibilidad de la aplicación correcta de los criterios generales de evaluación y la propia evaluación continua. Aparte de las correcciones que se adopten en el caso de las faltas injustificadas, a juicio del tutor, los Reglamentos de régimen interior establecerán el número máximo de faltas por curso, área y materia y los sistemas extraordinarios de evaluación previstos para estos alumnos.

***1º BACHARELATO:**

A/CONTIDOS.

❖ A variedade dos discursos:

- A comunicación.
- Os signos.
- Os textos e as súas propiedades.
- A comunicación oral espontánea e a planificada.
- O texto narrativo.
- O texto descritivo.
- O diálogo.
- A exposición.
- A argumentación e a instrución.

❖ Coñecemento da lingua:

- Semántica: denotación e connotación, campo semántico, cambios semánticos.
- A palabra: estrutura e procesos de formación
- O léxico e o dicionario.
- As clases de palabras: trazos semánticos, sintácticos e morfolóxicos
- As variedades lingüísticas.
- Os rexistros.
- A realidade lingüística de España.

❖ Literatura:

- Os xéneros literarios e a lingua literaria.
- Literatura medieval: lírica, narrativa e teatro.
- A literatura do século XV: O prerrenacemento.
- O século XVI: Lírica. Prosa e teatro. Cervantes.
- A literatura do século XVII: O Barroco. Poesía lírica e prosa. O teatro.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Explicar e identificar os principais elementos, características e funcións dos procesos comunicativos en xeral e das linguas naturais en particular.
2. Comprender textos orais e escritos, sobre todo os pertencentes aos ámbitos académico e dos medios de comunicación, seleccionando as súas ideas principais e secundarias e identificando neles as propiedades e procedementos de adecuación, coherencia e cohesión.
3. Crear textos orais e escritos de tipos variados que mostren adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
4. Clasificar e caracterizar textos segundo a canle, a modalidade do discurso (descritivos, narrativos...), o ámbito de uso (dos medios de comunicación, académicos, profesionais...) e o rexistro, identificando os seus trazos máis destacados.
5. Realizar exposicións relacionadas con algún contido do currículo ou un tema de actualidade, seguindo un guión previo e empregando tanto os medios tradicionais como as novas tecnoloxías para a localización, a selección a elaboración e a presentación da información.
6. Coñecer os diferentes tipos de fenómenos, procedementos e unidades lingüísticas obxecto de estudo, exemplificalos, identificalos en secuencias simples ou textos máis amplos e analízalos empregando a terminoloxía apropiada.
7. Coñecer a situación lingüística de España e a súa orixe histórica.
8. Explicar os principais elementos caracterizadores dos periodos, movementos e autores máis representativos da historia da literatura española desde as súas orixes ata o século XVII, e identificar estes trazos en textos ou fragmentos significativos.
9. Comentar textos ou fragmentos representativos da etapa literaria estudada empregando os conceptos e a terminoloxía literaria apropiados.
10. Realizar as lecturas obrigatorias e comentalas seguindo o modelo proporcionado.

11. Efectuar as diversas actividades e exercicios propostos.
12. Manter unha actitude apropiada na clase.

C/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- Probas obxectivas escritas sobre os contidos de tipo lingüístico e literario. Realizaranse unha ou dúas por avaliación.
- Elaboración de diversos tipos de textos, entre eles exposicións orais ou escritas sobre contidos da materia ou sobre temas de actualidade.
- Comentario de textos literarios.
- Exercicios de análise lingüística.
- A realización e comprensión das lecturas obrigatorias será avaliada mediante o comentario de determinados aspectos das mesmas, ben por medio dunha ou varias cuestións nas probas escritas do trimestre, ben de forma independente mediante algún tipo de traballo ou proba escrita.
- Os alumnos que no superen a materia poderán realizar en xuño unha proba escrita de carácter global. Esta proba constará de dúas partes, unha referida aos contidos de tipo lingüístico e outra aos de tipo literario.
- Os alumnos que non acaden o aprobado en xuño, deberán examinarse de **todo o temario** nas **probas extraordinarias de setembro**.

D/MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

- Explicación e identificación dos principais elementos e funcións da comunicación.
- Recoñecemento das ideas fundamentais e secundarias de textos orais e escritos e identificación dos procedementos que lles proporcionan adecuación, coherencia e cohesión.

- Creación de textos orais e escritos de diferentes modalidades discursivas con adecuación (adaptación á situación), coherencia (unidade semántica), cohesión (relación entre as partes e progresión da información), corrección (respecto da ortografía e da norma gramatical) e boa presentación.
- Clasificación e caracterización de textos segundo a canle, a modalidade discursiva (narrativos, argumentativos...), o ámbito de uso (académicos, dos medios de comunicación...) e o rexistro, identificando os seus trazos máis salientables.
- Realización de exposicións monográficas co apoio de técnicas de traballo tradicionais e as novas tecnoloxías.
- Identificación dos constituíntes internos da palabra e dos diferentes procedementos de formación das mesmas.
- Identificación e caracterizacións semántica, morfolóxica e sintáctica dos distintos tipos e subtipos de palabras.
- Recoñecemento dos diversos tipos de relacións semánticas.
- Coñecemento das diferentes procedencias do léxico do español.
- Coñecemento dos diversos tipos de variedades internas das linguas.
- Comprensión da situación lingüística de España e a súa orixe.
- Coñecemento dos principais periodos, movementos, xéneros, autores e obras da historia da literatura española desde as súas orixes ata o século XVII.
- Identificación dos trazos máis representativos dos periodos, xéneros, movementos e autores estudados en textos ou fragmentos representativos.
- Comentario de textos significativos empregando os conceptos e a terminoloxía literaria apropiada.
- Realización das lecturas obrigatorias e análise das mesmas segundo as pautas proporcionadas.
- Realización das actividades e exercicios propostos.
- Actitude apropiada na clase.

E/METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Seguirase unha *metodoloxía activa* que asegure a participación dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe. A metodoloxía didáctica será variada e partirá tanto de explicacións do profesor (empregando sempre textos lingüísticos ou literarios para exemplificar os conceptos presentados), como, noutros casos, dos propios textos para que os alumnos, a partir de preguntas formuladas polo profesor a modo de guía, detecten por si mesmos os principais trazos dos elementos considerados (sexan unidades/textos lingüísticos ou textos literarios) e configuren inductivamente os conceptos relevantes, relacionándoos sempre cos seus coñecementos previos.

A realización de exercicios de análise e creación lingüística, así como as lecturas, análises e comentarios de textos literarios terán un especial protagonismo como medio para conseguir a adquisición ou a consolidación dos contidos conceptuais e procedimentais relevantes.

F/MATERIAIS.

- Libro de texto: S. Alonso y otros, *Lengua castellana y literatura1. Bachillerato*. Barcelona, Casals, 2008.
- Apuntes teóricos e fotocopias complementarios realizados polo profesor.
- Seleccións complementarias de textos realizadas polo profesor.
- Edicións dos libros de lectura obrigatoria.
- Outros materiais de consulta:

1. Dicionarios da lingua (de uso, de dúbidas, de sinónimos e antónimos, etimolóxico, de americanismos, de argot, etc.), algún deles accesibles na Rede.
2. Gramáticas da lingua española (RAE, Alarcos Llorach, Gili Gaya, Seco, etc.).
3. Normas ortográficas da lingua española da RAE (descargables na Rede).
4. Xornais e revistas en formato tradicional e electrónico.
5. Historias da Literatura Española, xerais ou específicas.

G/TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre :

- A Comunicación. Variedades da lingua. A lingua literaria.
- A estrutura da lingua. Literatura medieval. Contexto histórico e social.
- A Palabra. Clases. Poesía medieval: mester de Juglaría e clerecía.
- Nivel léxico- semántico. A prosa e o teatro medievais.
- Sintagmas. Prerrenacemento.

Segundo trimestre:

- O verbo e as perifases verbais. O Romanceliro.
- A Oración. A Lírica culta. J. Manrique.
- Estudio monográfico da Celestina.
- Características do Renacemento: a Poesía: G. de la Vega.
- Análise sintáctica. Renacemento: novela e teatro.

Terceiro trimestre:

- Cervantes e o Quijote. Lectura guiada de varios capítulos.
- O Barroco: poesía. Góngora e Quevedo.
- O Barroco: teatro. A "comedia nueva". Lope de Vega.
- Estudio monográfico de La vida es sueño, Calderón de la Barca.

***Esta temporalización poderá verse modificada durante o transcurso do ano académico, na procura dun mellor afianzamento dos contidos. En todo caso, todos os exercicios e actividades terán en conta as normas básicas de expresión e ortografía.**

***2º BACHARELATO:**

A/CONTIDOS.

LINGUA

1. A palabra. Estrutura da palabra. Procedementos de formación de palabras: derivación, composición, parasíntese, etc. (Repaso e ampliación do estudado en cursos anteriores).

2. Léxico do castelán. Voces patrimoniais, cultismos, semicultismos, préstamos.

Os cambios semánticos.

3. O significado: denotación e connotación.

Relacións léxico-semánticas das palabras: polisemia, sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo semántico, etc.

4. O texto. Rasgos de cohesión: anáfora, catáfora, marcadores textuais, etc. (Repaso e ampliación do estudado en cursos anteriores).

5. Conceptos básicos en sintaxe: categorías ou unidades, relacións, funcións.

6. As unidades da gramática e as unidades do discurso. A frase ou sintagma.

7. A oración simple. A oración complexa.

8. Principios básicos de corrección lingüística. (Repaso do estudado en cursos anteriores).

9. O español. Variedades xeográficas. A norma estándar. A situación do español no mundo.

10. Rasgos característicos do español de América.

A VARIEDADE DOS DISCURSOS

1. O TEXTO como unidade comunicativa. Sistematización e análise das propiedades textuais: coherencia, xerarquía de ideas, ordenación, adecuación (Repaso e ampliación do estudado en cursos anteriores).
2. Textos expositivos e textos argumentativos. (Repaso e ampliación do estudado en cursos anteriores).
3. Textos escritos específicos. Textos científicos e técnicos. Textos humanísticos. Textos literarios.
4. Os medios de comunicación social. A prensa. Os xéneros informativos e os xéneros de opinión.

LITERATURA

1. O século **XVIII**. A Literatura española no século XVIII. Características e principais autores.

2. O século **XIX**.

2.1. O Romanticismo. Características xerais e autores máis importantes.

2.2. Realismo e Naturalismo. Características xerais, principais autores e obras.

3. O século **XX**.

3.1. O Modernismo. Características xerais.

3.2. A poesía de Machado e a de Juan Ramón Jiménez. Lectura e posterior estudo de "Campos de Castilla".

3.3. O grupo poético do 27.

3.4. A novela española anterior á guerra civil.

3.5. O teatro español anterior á guerra civil (fundamentalmente Jacinto Benavente, Valle Inclán e Lorca).

3.6. A poesía española posterior á guerra civil.

3.7. A novela española posterior á guerra civil. Lectura e posterior estudo de *Plenilunio* de Antonio Muñoz Molina.

3.8. O teatro español desde a guerra civil até os nosos días. Lectura e posterior estudo de *La Fundación* de Antonio Buero Vallejo.

3.9. A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. Lectura e posterior estudo de *Crónica de una muerte anunciada*.

B/CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Sintetizar oralmente e por escrito textos de diferente tipo e de distinto nivel de formalización, sinalando as ideas principais e as secundarias e a intención comunicativa, recoñecendo posibles incoherencias e ambigüidades e aportando unha opinión persoal.
- Recoñecer, interpretar e valorar textos escritos específicos (humanísticos, xornalísticos, científicos, literarios, etc.), analizando a súa construción interna e as relacións do autor co texto e coa obra.
- Comprender a orixe e desenvolvemento da lingua castelá, ao longo da historia e no momento actual, valorando as súas variedades.
- Distinguir as diferentes linguas constitucionais de España, coñecendo a súa orixe e evolución e valorando as situacións de bilingüismo.
- Coñecer e identificar as diferentes variedades do español (históricas, espaciais, sociais e de estilo) mediante a análise de textos, prestando especial atención ao español de Galicia.
- Recoñecer as diferentes categorías gramaticais, as funcións sintácticas e as relacións entre oracións, as súas combinacións e correlación entre elas e os seus significados.
- Recoñecer as unidades léxicas que singularizan as diferentes manifestacións científicas (neoloxismos, préstamos, etc.).
- Ser quen de aplicar os conceptos básicos de lexicoloxía e de semántica á interpretación, produción e análise dos textos.
- Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais básicos e os seus recursos lingüísticos.

- Analizar a evolución histórica das formas literarias desde o século XVIII até a actualidade, atendendo ao marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacadas.
- Coñecer e valorar as obras e os autores máis representativos da literatura dos séculos XVIII, XIX e XX.
- Coñecer e aplicar técnicas de análise e comentario de textos, así como de elaboración de traballos académicos.

C/INSTRUMENTOS PARA AVALIAR.

- Probas obxectivas escritas nas que os alumnos demostren o que aprenderon tanto de teoría (lingüística e literaria) como de práctica (gramática de texto, semántica, análise morfolóxica e sintáctica, etc.). Realizaranse unha ou dúas probas por avaliación.
- Realización de esquemas, resumos e comentarios críticos de textos xornalísticos, humanísticos ou científicos.
- Traballos e/ou probas sobre os libros de lectura obrigatoria que figuran no programa.
- Proba global de final de curso para os alumnos que non superasen a materia. Esta proba constará de tres partes: Lingua e análise de textos, Historia da Literatura, Lectura e análise das obras propostas.
- Os alumnos que non acaden o aprobado en maio, deberán examinarse de **todo o temario** nas **probas extraordinarias de setembro**.

D/MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

- Análise de textos onde se poida observar o uso de variedades dialectais do español, das variedades do nivel culto e do nivel vulgar ou dos rexistros formal e coloquial.

- Tipos de texto: argumentativo, expositivo, narrativo e descritivo.
- Os medios de comunicación e a súa incidencia na sociedade contemporánea. O discurso xornalístico: información e opinión. A linguaxe da publicidade.
- Análise e produción de textos orais e escritos que mostren as categorías propias dos textos argumentativos, expositivos, descritivos e narrativos.
- Análise e comparación de seccións diversas en xornais, revistas, telexornais, etc. que permitan distinguir a información da opinión.
- Análise de textos publicitarios pertencentes a distintos medios para detectar o uso persuasivo da lingua, o uso literario, etc.
- O texto como unidade de sentido: adecuación, coherencia e mecanismos de cohesión.
- Categorías, funcións e relacións sintácticas.
- A frase ou sintagma. Definición, tipos e funcións secundarias.
- A Oración. Definición, tipos e funcións primarias.
- A organización do léxico: familias léxicas, relacións semánticas (hiperonimia, sinonimia, polisemia...) e campos semánticos.
- Análise de textos desde o punto de vista léxico-semántico e morfosintáctico.
- Análise dos procedementos que indican a adecuación ao contexto e á intención comunicativa, así como aqueles que establecen a coherencia e marcan a cohesión dun texto.
- Produción de textos-comentario sobre un tema de actualidade onde se aprecie a formulación de xuízos propios e razoados.
- Partindo de textos diversos, aplicar as técnicas aprendidas para a elaboración de resumos e esquemas.
- Estudo da literatura dos séculos XVIII, XIX y XX. Comentario dos libros de lectura obrigatoria.

E/METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Cómpre adaptar a metodoloxía ao escaso número de horas semanais (3) para impartir o programa na súa totalidade e preparar os alumnos para a proba de selectividade. En calquera caso seguirase unha *metodoloxía activa* que asegure a participación dos alumnos no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

F/MATERIAIS.

- Apuntes teóricos e fotocopias realizados polo profesor.
- Diversos dicionarios da lingua (de uso, de dúbidas, de sinónimos e antónimos, etimolóxico, de americanismos, de argot, etc.).
- Gramáticas da lingua española (RAE, Alarcos Llorach, Gili Gaya, Seco, etc.) para consulta.
- Normas ortográficas da lingua española da RAE.
- Exames de selectividade de COU e LOXSE.
- Xornais e revistas.
- Historias da Literatura Española, xerais ou específicas, para consulta.
- Selección de textos, en prosa e en verso, realizados polo profesor.
- Libros propostos polo grupo de traballo de Lingua castelá e Literatura para selectividade.

G/TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre:

- Introducción ao s.XVIII.Xéneros literarios e autores máis representativos.
- Introducción ao s. XIX. Características xerais do Romanticismo. Xéneros literarios e autores.
- O Realismo e o Naturalismo.
- Introducción ao s. XX. A novela anterior a 1936: características, etapas e autores.

Segundo trimestre:

- O teatro anterior a 1936 (Benavente, Valle Inclán, Lorca)

- A poesía anterior a 1936: O Modernismo. Rubén Darío.
- Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez. Estudo monográfico de Campos de Castilla.
- O grupo poético do 27: Características, etapas, autores.
- A novela posterior a 1936: etapas, características dos distintos movementos, autores.
- Estudo monográfico de Plenilunio.

Terceiro trimestre:

- O teatro posterior a 1936. Etapas, características dos distintos movementos, autores.
- Estudo monográfico de La Fundación.
- La poesía posterior a 1936: etapas, autores máis destacados. Especial atención a Blas de Otero e Jaime Gil de Biedma.
- A novela hispanoamericana: A renovación dos anos 40. O "Boom".
- Estudo monográfico de Crónica de una muerte anunciada.

Tendo en conta que a PAU tamén inclúe preguntas de gramática dedicaremos:

- O primeiro trimestre o tema: Adecuación, Coherencia e Cohesión porque nos pon en contacto cos conceptos semánticos máis importantes e axúdanos a desenrolar o esquema do Comentario de texto. Tamén repasaremos a tipoloxía textual e os temas: As linguas de España e Características del español de América.
- O segundo trimestre o tema: Repaso da análise morfosintáctica. A formación de palabras e clasificación das mesmas atendendo aos seus elementos constituintes.
- O terceiro trimestre: Ultimaremos o estudo da análise morfosintáctica.

LECTURAS OBRIGATORIAS:

Todo o seminario comparte a idea de que é imprescindible que o alumnado adquira máis vocabulario e profundice no significado do que le.

1º ESO

- Lectura eficaz. Ed. Bruño. El océano galáctico
- Lecturas enfocadas a la comprensión de los textos del libro de 1º de ESO. Ed. Bruño.

2º ESO

- Leyendas de la antigua Grecia: Troya. Biblioteca bolsillo junior. Aguilar. S.A. Ediciones.
- Lecturas enfocadas a la comprensión de los textos del libro de 2º de ESO. Ed. Bruño.

3º ESO

- Alba de Montnegre. Ed. Bruño
- Pasos de Lope de Rueda. Ed Bambú
- El Lazarillo de Tormes.
- Un marido de ida y vuelta. Jardiel Poncela. Ed Espasa Calpe. Austral
- Selección de poemas del Renacimiento y Barroco elaborada polo profesor/a.

4º ESO

- Historias de la Artámila. Ana Mª Matute
- Los cachorros. M. Vargas Llosa
- Luces de Bohemia. Valle Inclán
- Antología poética de los siglos XIX y XX.
- Pic Nic- Fernando Arrabal

1º BACHARELATO

- La Celestina, de F. de Rojas.
- El Ingenioso Hidalgo Don Quijote de la Mancha, 1ª parte.
- La vida es sueño, de Calderón de la Barca.
- Antología poética del Renacimiento y del Barroco.

2º BACHARELATO

- Crónica de una muerte anunciada, Gabriel García Márquez.
- Plenilunio, de A. Muñoz Molina.
- La Fundación, de A. Buero Vallejo.
- Campos de Castilla de Antonio Machado.

• CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os alumnos realizarán alomenos un exame escrito por avaliación coa súa recuperación correspondente. Estas probas obxectivas constituirán o 80% da nota global. A realización das tarefas recomendadas (comentarios de texto, traballos de investigacións e outros exercicios) serán o 20% da cualificación. Cada erro ortográfico e morfosintáctico grave será penalizado con -0,25 e as tildes con -0,10. O comportamento adecuado non conlevará incremento da nota porque se dá por suposto. Si, penalizárase o incorrecto, que se é reiterado restará á cualificación global o 20%.

• ALUMNOS COA ASIGNATURA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

Tanto na ESO como no Bacharelato os alumnos serán atendidos polo profesor que lle da clase da materia para facilitar un seguimento mais personalizado e riguroso. As datas nas que deberán presentar os traballos seranlles comunicadas oralmente e mediante un calendario exposto na porta do departamento. A materia avaliada cada trimestre será consensuada por aqueles profesores que imparten o mesmo curso para non xerar agravios comparativos.

Os alumnos que non aproben a asignatura poderán presentarse a un exame final en maio. A data de dita proba será publicada con antelación. Terase en conta a non coincidencia nas datas dos exames de pendentes coas do curso.

• **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

“Disporáanse os recursos necesarios co fin de que os alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. De igual modo, tamén se poden adoptar medidas de Reforzo Educativo, que afectan basicamente á metodoloxía, propoñendo, segundo o caso, **actividades de reforzo ou de ampliación**”.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

- Dedicación dun mínimo semanal, dentro do horario lectivo, á lectura en voz alto.
- Actividades enfocadas á lectura comprensiva dos distintos textos.
- Aprendizaxe das normas de funcionamento da biblioteca do centro.
- Aprendizaxe das técnicas relativas á búsqueda en arxivos bibliotecarios.
- Exposición oral de distintos traballos e actividades enfocadas á lectura.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Traballo na aula co procesador de textos

- Aprendizaxe das técnicas de búsqueda bibliográfica nun entorno web.
- Traballo e manexo da Aula Virtual do centro.
- Traballo cos reprodutores de son de cara a unha mellora na competencia oral.
- Uso do material informático para a exposición oral de actividades enfocadas á lectura.

ACCIÓN S DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Colaboración no programa de educación para a tolerancia impartido nas tutorías de 3º e 4º ESO
- Colaboración nos distintos obradoiros de educación afectiva-sexual
- Traballos diversos con textos sobre educación para a igualdade, contra a violencia de xénero, racismo...
- Complementar o anterior con distintos soportes audiovisuais integrados nos diversos programas.

• ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Saída ao teatro para ver a representación dunha peza clásica, adaptada ao temario do curso.
- Visitas guiadas a museos relacionados coa materia: Verbum, etc.
- Percorridos literarios ligados a un autor ou unha obra.
- Participación, con carácter voluntario, no *Club de lectura*.

Estas actividades organizaranse dependendo da oferta cultural, dispoñibilidade horaria... consensuadas trimestralmente no departamento de lingua e literatura castelás.

Actividades extraescolares 2013-2014

Ruta Valleinclanesca: casa de Rosalia, fundación Cela, Póboa do Caramiñal, dolmen de Axeitos, alto da Curota, museo Valle Inclán. (Todo o día). Data segundo disponibilidad dos profesores e alumnos de 2º Bac e 1º Bac.

• **PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Para avaliar a nosa programación teremos as pertinentes reunións de departamento (que serán quincenais) nas que poremos en común as nosas experiencias, o seguimento e a análise da secuenciación realizada. Facendo fincapé na viabilidade desta e no seu obxectivo final: incrementar a capacidade comprensiva, expresiva e creativa do alumnado.

PROGRAMACIÓN DE LITERATURA UNIVERSAL (2º BACH)

CONTIDOS

De acordo co Decreto 126/2008 de 19 de xuño de 2008 polo que se establece a ordenación e o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (Diario Oficial de Galicia, 23 de xuño de 2008, a materia de "Literatura Universal" consta dos seguintes contidos:

DA ANTIGÜIDADE Á IDADE MEDIA

- Breve panorama das literaturas bíblica, grega e latina. O HEROE CLÁSICO da traxedia e da épica.
- A narrativa medieval.

RENACEMENTO E CLASICISMO

- Contexto xeral: a Lírica do amor. O Petrarquismo. O Dolce Stil Nuovo.
- A narración en prosa. Teatro clásico europeo. O teatro isabélino en Inglaterra.

O SECULO DAS LUCES

- A Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada.
- A novela europea no século XVIII.

A PRIMEIRA METADE DO S. XIX

- A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia.
- Poesía romántica. Novelahistórica.

A SEGUNDA METADE DO S. XIX

- As innovacións filosóficas, científicas... na creación literaria. Marx, Darwin e Freud.
- Realismo en Europa.
- Principais novelistas da Europa do XIX. Os personaxes femininos nalgunhas das obras máis representativas.
- O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). O renacemento do conto.
- O arranque da modernidade poética: o Simbolismo.
- A renovación do teatro europeo.

OS NOVOS ENFOQUES DA LITERATURA NO S. XX E AS TRANSFORMACIÓNS DOS XÉNEROS LITERARIOS

-A cultura de fin de século. A creba da orde europea: a crise de 1914. O

Existencialismo e o Marxismo.

-O nacemento do heroe contemporáneo. A trama policial.

-As vangardas europeas. O Surrealismo.

-A literatura escrita por mulleres*.

-A literatura americana. A xeración perdida.

-O teatro do absurdo e o teatro do compromiso.

A LITERATURA E AS OUTRAS ARTES*

-Literatura e cine.

-O cine como arte literaria de masas.

-O teatro como espectáculo total.

-A canción moderna, os grandes poetas da canción.

***tanto a literatura escrita por mulleres como o bloque referido á literatura e ás outras artes consideraranse temas transversais ao longo de todo o temario.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os grandes movementos estéticos e as principais obras literarias que conforman a nosa identidade cultural.
- Ler e interpretar con criterio propio os textos literarios e relacionalos cos contextos en que se produciron.
- Identificar os temas recorrentes ao longo da historia literaria universal.
- Saber utilizar diversas fontes bibliográficas para o estudo literario.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A participación dos alumnos na clase é fundamental, as súas aportacións serán valoradas atendendo aos seguintes criterios:

- Relacionar os textos cos coñecementos teóricos
- Analizar os personaxes dos textos narrativos e teatrais con profundidade e precisión.
- Situar as obras e os autores estudados no seu contexto.

- Elaborar traballos de investigación empregando distintas fontes de información
- Discriminar a información relevante á hora de elaborar unha exposición sobre un tema
- Expoñer os traballos de forma clara e ordenada.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os alumnos realizarán alomenos un exame escrito por avaliación coa súa recuperación correspondente. Estas probas obxectivas constituirán o 80% da nota global. A realización das tarefas recomendadas (comentarios de texto, traballos de investigacións e outros exercicios) serán o 20% da cualificación. Cada erro ortográfico e morfosintáctico grave será penalizado con -0,25 e as tildes con -0,10. O comportamento adecuado non conlevará incremento da nota porque se dá por suposto. Si, penalizárase o incorrecto, que se é reiterado restará á cualificación global o 20%.

TEMPORALIZACIÓN

Repartirase os temas do programa trimestralmente:

- Na primeira avaliación estudaremos o nacemento da literatura desde a mitoloxía clásica á épica medieval, o Renacemento e o clasicismo.

A obra de lectura será Hamlet.

- Na segunda avaliación ocuparémonos do Século das Luces, do Romanticismo e do Realismo.

A obra de lectura será *Frankenstein* de M. Shelley e *Novela de xadrez* de Zweig.

- Na terceira avaliación analizaremos a literatura de finais de séculos XIX e as grandes transformacións literarias do séculos XX.

A obra de lectura será os poemas de Alberto Caeiro.

*Lembramos que a lectura das obras son obrigadas xa que así están marcadas pola CIUG para as PAAU.

MATERIAIS

Utilizaranse fotocopias con fragmentos de obras dos libros da biblioteca, comentarios de texto, información en internet para realizar traballos, exposicións...

O visionado de películas baseadas nas grandes obras literarias ocupará un lugar fundamental no desenrolo da materia.

Non hai libro de texto oficial. Exporanse os distintos temas en apuntes elaborados polo/a profesor/a.

PROGRAMACIÓN DE LITERATURAS HISPÁNICAS (1º BACH)

CONTIDOS

A programación desta materia adaptase a *Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo* (DOG 29 de setembro de 2008).

Os contidos presentanse agrupados en catro bloques:

- **Primeiro bloque:** Contidos comúns que estarán presentes nos outros tres bloques e que permiten a achega á obra literaria.

- **Segundo bloque:** Narrativa.

1. Tendencias narrativas desde fin do s. XIX ata 1940.
2. Tendencias narrativas desde 1940 ata a actualidade.

- **Terceiro bloque:** Poesía

1. Tendencias poéticas desde finais do s. XIX ata 1940.
2. Tendencias poéticas desde 1940 ata a actualidade.

- **Cuarto bloque:** Teatro e as outras Literaturas peninsulares (galega, catalana e vasca)

1. Tendencias teatrais desde finais do s. XIX ata 1940.
2. Tendencias teatrais desde 1940 ata a actualidade.

OBXECTIVOS

Con esta materia optativa de Literaturas Hispánicas, preténdese que o alumno/a alcance os seguintes objetivos:

1. Coñecer as tendencias e movementos estéticos, autores e obras máis representativas das literaturas hispánicas que forman parte da nosa realidade multicultural.
2. Ler, analizar e interpretar textos significativos das literaturas hispánicas, poñendoos en contacto co momento histórico no que foron creados.
3. Elaborar traballos sencillos sobre movementos estéticos, autores, obras e temas relevantes, utilizando tanto fontes de información tradicional como as novas tecnoloxías.
4. Elaborar textos escritos con intención crítica e estética.
5. Ter interés por coñecer a creación literaria hispánica desde finais do s. XIX ata a actualidade, e respetar as diferencias culturais mostradas nos diversos textos lidos e analizados.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A participación dos alumnos na clase é fundamental, as súas aportacións serán valoradas atendendo aos seguintes criterios:

- Relacionar os textos cos coñecementos teóricos
- Analizar os personaxes dos textos narrativos e teatrais con profundidade e precisión.
- Situar as obras e os autores estudados no seu contexto.
- Elaborar traballos de investigación empregando distintas fontes de información
- Discriminar a información relevante á hora de elaborar unha exposición sobre un tema
- Expoñer os traballos de forma clara e ordenada.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os alumnos realizarán alomenos un exame escrito por avaliación coa súa recuperación correspondente. Estas probas obxectivas constituirán o 80% da nota global. A realización das tarefas recomendadas (comentarios de texto, traballos de investigacións e outros exercicios) serán o 20% da cualificación. Cada erro ortográfico e morfosintáctico grave será penalizado con -0,25 e as tildes con -0,10. O comportamento adecuado non conlevará incremento da nota porque se dá por suposto. Si, penalizárase o incorrecto, que se é reiterado restará á cualificación global o 20%.

TEMPORALIZACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

1. A narrativa hispanoamericana a finais do século XIX ata 1940.

1.1. A novela rexionalista: Características, o conflito civilización-barbarie; argumento e técnica narrativa das obras máis representativas.

- Rómulo Gallegos: Doña Bárbara
- Ricardo Güiraldes: Don Segundo Sombra
- José Eustasio Rivera: La vorágine

1.2. A novela da revolución mexicana: Mariano Azuela.

1.3. A novela indixenista: Jorge Icaza, Ciro Alegría, José María Arguedas.

Obra de lectura: Luis Sepúlveda: Un viejo que leía novelas de amor

2. O Modernismo: Características xerais.

- José Martí: etapas e obras máis representativas.
- Rubén Darío: Evolución poética: Azul..., Prosas profanas e Cantos de vida y esperanza.

Obra de lectura: José Martí: Versos Sencillos

SEGUNDA AVALIACIÓN:

3. A poesía tra-lo Modernismo. As vangardas.

- O creacionismo de Vicente Huidobro.
- A poesía de Pablo Neruda. Etapas e obras. Análisis de Veinte poemas de amor.
- César Vallejo.

Obra de lectura: Pablo Neruda: Veinte poemas de amor y una canción desesperada.

4.1. A narrativa hispanoamericana dende 1940 ata 1960: Características

- O "realismo mágico" ou "lo real maravilloso": Alejo Carpentier e Miguel Ángel Asturias.
- A narrativa fantástica: Borges e Bioy Casares.
- Entre o realismo e a irrealidade: Juan Rulfo
- A narrativa existencial de Ernesto Sábato.

Obra de lectura: Ernesto Sábato: El túnel

4.2. O "Boom" dos anos 60: Características e principais representantes e obras importantes:

Mario Vargas Llosa; Gabriel García Márquez, Julio Cortázar, Carlos Fuentes.

TERCEIRA AVALIACIÓN

5. O postboom. Características, principais autores e obras.

- Bryce Echenique, Manuel Puig
- O microrrelato de Augusto Monterroso
- Mario Benedetti e os distintos xéneros.

Obra de lectura: Manuel Puig: Boquitas pintadas

6. Outras literaturas hispánicas: literatura en lingua catalana e vasca.

MATERIAIS

Utilizaranse fotocopias con fragmentos de obras dos libros da biblioteca, comentarios de texto, información en internet para realizar traballos, exposicións...

O visionado de películas baseadas nas grandes obras literarias ocupará un lugar fundamental no desenvolvemento da materia. Non hai libro de texto oficial. Explóranse os distintos temas en apuntes elaborados polo/a profesora.